

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

OPCIÓN 1

1.-Comentario de texto:

R Gueston analiza en 1823 a evolución experimentada pola industria do algodón, incidindo especialmente na organización fabril da produción e no aumento da capacidade productiva que tal organización supón.

“Resulta curioso como nos comezos da industria algodeira tódalas operacións, dende o tratamento inicial da materia prima ata a saída como tecido, facíanse na casa do tecedor. Nun segundo período, coas melloras técnicas, a práctica era a de producir os fiados na fábrica e tecelos no domicilio. Hoxe, cando a industria ten acadado a madurez, tódalas operacións, que poñen en xogo medios moito máis complexos e amplos, desenvólvense nun só edificio (...). Nas fábricas movidas polo vapor, cárdase o algodón, bobínase, fiase e transfórmase en tecido, e abonda unha fábrica soa para producir tanta cantidade de metros para a que antes se precisaba a man de obra de toda a rexión.

2.-Cuestión teórica: A Primeira Internacional: as discrepancias entre marxistas e anarquistas.

3.-Cuestión teórica: O Plano Marshall e a reconstrucción europea.

OPCION 2

1.-Comentario de texto:

O historiador René Rémond trata neste texto do “mundo comunista”, destacando o protagonismo e liderazgo da Unión Soviética.

“Pódese falar, sen medo a ser inexactos, de “mundo comunista”: trátase claramente dun universo á vez diferente do resto do mundo e que ten a súa unidade propia. Asocia pobos moi dispares polo seu pasado, cultura e orixes étnicas. É un dos dous bloques nos que se divide o mundo en 1947. Así pois, o comunismo parece á vez un principio de disociación a escala do globo entre os países que se adhíren a este sistema e os que o rexeitan, e un principio de unidade para todos aqueles que entran na comunidade dos pobos comunistas.

O núcleo inicial é a Unión Soviética. A Unión Soviética avanza ata o corazón de Europa central, establecéndose gradualmente democracias populares dentro dunha zona delimitada xeograficamente e dunha soa peza: todos estes países son contiguos. Esta multiplicación de estados socialistas é, para o mundo comunista, o grande feito histórico da Segunda Guerra Mundial. Oito estados novos axústanse ó modelo da Unión Soviética: Polonia, Checoslovaquia, Romanía, Bulgaria, Hungría, Iugoslavia, Albania e a República Democrática Alemana.

A partir de agora, a Unión Soviética, que ata daquela se atopaba soa, está flanqueada por outros oito países que se adhíren á mesma ideoloxía”.

2.-Cuestión teórica: Factores explicativos da expansión imperialista.

3.-Cuestión teórica: A diplomacia da paz e o apoxeo da seguridade colectiva na década de 1920.

Puntuación máxima: comentario de texto, 5 pts.; cuestión teórica, 2,5 pts.

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

Puntuación máxima: Comentario de texto, 5 puntos; Cuestión teórica, 2,5 puntos.

OPCION 1

1.-Comentario de texto:

“Este texto, publicado en 1832, destaca a importancia do ferrocarril, comparando a súa eficacia como medio de transporte con outros que o precederon:

“Antes da construción do ferrocarril de Liverpool a Manchester, había 22 dilixencias de liña regular e outras 7 de liñas ocasionais entre ámbalas cidades e transportaban 688 persoas diarias. O ferrocarril, dende o comezo, leva transportado 700.000 en 8 meses, cunha media diaria de 1.070 pasaxeiros. A tarifa da dilixencia era de 10 chelíns dentro e 5 fóra. O ferrocarril custa 5 dentro e 3,6 peniques fóra. O tempo que leva a viaxe en dilixencia é de 4 horas; o ferrocarril faino en hora e tres cuartos. As dilixencias abandonaron o traballo, agás unha que transporta paquetes. O correo vai no ferrocarril, cun aforro para o goberno de dous tercios do gasto. Os vagóns do tren son máis cómodos que a dilixencia. A viaxe é máis segura, barata e fácil. Unha grande cantidade do tráfico, que antes utilizaba a estrada, utiliza agora o ferrocarril (...). As locomotoras viaxan con facilidade despois do anoitecer. A tarifa do transporte de mercadorías é de 10 chelíns por tonelada; por canal adoita ser de 15 chelíns por tonelada. O tempo empregado no traxecto é de dúas horas; por canal é de 20 horas (...).”

2.-Cuestión teórica: A dualidade de poderes durante o proceso revolucionario na Rusia de 1917.

3.-Cuestión teórica: Principais focos de tensión e conflitos bélicos durante a Guerra Fría.

OPCION 2

1.-Comentario de texto:

O conde Carlo Sforza analiza en 1931 algunhas das causas do auxe dos reximes dictatoriais e da crise das democracias:

“Non foi senón despois da guerra cando as dictaduras irromperon en Europa. Catro anos de guerra ensinaron ós superviventes -ou alomenos a moitos deles- que a violencia era un deber, mesmo no campo moral; que a máis cega obediencia era unha virtude nacional, mesmo nas materias do espírito (...).

A dicir verdade, baixo a pomposa solemnidade da divinización do Estado non era difícil descubrir algunhas paixóns e egoísmos (...). Estas paixóns son:

- a) A revancha ofensiva das autocracias coas democracias, baixo unha forma violenta que é o efecto dos hábitos da guerra.
- b) A loita incitada polos industriais e grandes terratenentes, aparentemente contra o perigo bolxevique, en realidade contra toda forma de movemento socialista (...).

Un certo desencanto a respecto das vellas institucións parlamentarias fixo o resto. Estivo máis ou menos de moda estes últimos anos (...) falar da democracia como dunha forma de goberno das máis vulgares e mediocres.

Case podería dicirse que esta excitación das paixóns nacionalistas entre as masas constitúe a característica común das dictaduras de posguerra”.

2.-Cuestión teórica: Factores explicativos do imperialismo.

3.-Cuestión teórica: A formación do bloque capitalista occidental: Doutrina Truman, Plano Marshall e OTAN.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1

1.-Comentario de texto (5 puntos):

Debe contextualizarse o texto na primeira fase da revolución industrial.

Cómpre destacar nesa fase o protagonismo do sector téxtil, que utiliza o algodón como principal materia prima.

É preciso comentar o tránsito dos diversos sistemas de produción artesanais ó sistema fabril, con todo o que comporta (incremento da produtividade, novas formas de traballo, concentración das unidades productivas...).

Debe mencionarse a mecanización da produción, sendo pertinente aludir a algunhas das melloras técnicas que posibilitaron o cambio nas formas de produción.

2.-Cuestión teórica (2,5 puntos):

-Débese entender a I Internacional como unha organización en defensa dos intereses da clase obreira, aludindo ás circunstancias da súa fundación, destacando os seus principios básicos e enmarcándoa correctamente desde o punto de vista cronolóxico.

-Cómpre caracterizar as distintas tendencias nela presentes, destacando a confrontación entre marxistas e anarquistas nos seus aspectos concretos e entendendo tal confrontación como factor fundamental na crise e desaparición da organización.

3.-Cuestión teórica (2,5 puntos):

O Plano Marshall debe ser entendido como un proxecto norteamericano para permitir a reconstrucción de Europa occidental despois da Segunda Guerra Mundial, atendendo tanto ás necesidades europeas como ós intereses estadounidenses.

Cómpre destacar a importancia económica que tivo na recuperación europea, suñando as condicións –tanto económicas como políticas– que deberían ser cumpridas polos países receptores para beneficiárense da axuda.

Debe contextualizarse nos anos iniciais dunha nova dinámica de confrontación entre bloques, mencionando a súa inspiración política e relacionándoo con outras medidas adoptadas en ámbolos dous bandos.

OPCIÓN 2

1.-Comentario de texto (5 puntos):

Debe interpretarse o documento como unha valoración historiográfica sobre o bloque socialista.

Cómpre comentar o proceso de formación do bloque, como resultado da Segunda Guerra Mundial, e os principais organismos nos que se concretou (Pacto de Varsovia, COMECON).

É preciso aludir ó papel protagonista e de liderazgo da URSS, así como ás estruturas políticas das chamadas democracias populares.

É pertinente aludir a formación e existencia do bloque capitalista.

2.-Cuestión teórica (2,5 puntos):

Entendendo o imperialismo como un proceso en relación coa expansión do capitalismo, débense mencionar e explicar esencialmente os seguintes factores:

- a) a procura de materias primas abundantes e a baixo prezo;
- b) a ampliación dos mercados;
- c) A procura de novas vías e ámbitos de investimento de capitais;
- d) paliar a presión demográfica;
- e) como factores secundarios, as políticas de prestixio, a misión evanxelizadora, o afán explorador...

3.-Cuestión teórica (2,5 puntos):

Partindo do resultado da Primeira Guerra Mundial e da superación da conxuntura da inmediata posguerra, debe caracterizarse esta época como de distensión e estabilidade.

Debe salientarse o papel desempeñado pola SdN, e como fitos diplomáticos máis destacados en relación con diversos asuntos que deben ser explicados, os seguintes:

- a) Plano Dawes e Plano Young;
- b) Tratado de Locarno;
- c) Pacto Briand-Kellog.